

# Comeza o Obradoiro de Emprego Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra



Participantes no Obradoiro de Emprego conxunto dos Concello de Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra, que formará a 20 persoas durante un período de 9 meses

Unha vintena de persoas participan, dende finais do decembro, no Obradoiro de Emprego Boqueixón, O Pino, Touro e Vedra 2020-2021. Cada Concello aporta 5 alumnos e alumnas que se formarán durante os vindeiros nove meses en dúas disciplinas profesionais, sendo 10 persoas por cada unha delas. Estas son Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas. O proxecto está financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta cun orzamento de preto de 350.000 euros.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, foi o encargado de dar a benvida ao alumnado participante neste Obradoiro



A benvida correu a cargo do alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín

de Emprego na Casa da Cultura de Camporrapado. Este espazo acolle as sesións teóricas.

O rexedor animou ao alumnado a “aproveitar estes nove meses de formación que servirán para ter máis e mellores opcións para atopar emprego no futuro”. Tras a formación teórica, as 20 persoas par-

de distintos espazos e camiños municipais. Deste xeito, traballarase na mellora das áreas e viarios públicos, reforzando as tarefas de prevención contra os incendios forestais”.

As actuacións previstas no termo municipal boqueixonés comprenderán, entre outras accións, podas e melloras na vexetación no Pico Sacro, no parque das escolas unitarias de Codeso e Sergude, no campo da festa de Loureda e na área recreativa de Orto, no aparcadoiro de Igrexa (na parroquia de Boqueixón). Tamén se inclúe o acondicionamento na ferverza, en Codeso, ademais de desbroces nos camiños de Noente-Ledesma, Pazos-Lestedo, Castro-Oural, Santaia-Codeso e Santaia-Vigo.

participantes desprazaranse aos catro municipios participantes neste Obradoiro de Emprego para acometeren distintas actuacións.

Do total de 33 proxectos previstos a través desta iniciativa, 18 deles desenvolveranse en Boqueixón. Fernández Munín explica que “a maioría son desbroces e acondicionamentos

## Finalizan as obras de mellora da contorna do polideportivo de Lestedo e Ledesma

O Concello de Boqueixón vén de finalizar as obras de acondicionamento das contornas do pavillón polideportivo de Lestedo e do Campo do Río, en Ponte Ledesma. Ambas as dúas actuacións permitirán que Boqueixón amose unha renovada faciana ante as persoas que percorreren a Vía da Prata ao seu paso polo municipio neste Ano Santo.

Ambas as dúas actuacións supuxeron un investimento de máis de 60.000 euros. Para a súa execución, contouse co apoio da Axencia de Turismo de Galicia.

No caso da contorna do pavillón de Lestedo, habilitouse un área de descanso, xa que se trata dun punto habitual de parada de peregrinos. No Campo do Río, nivelouse e acondicionouse o terreo mellorando a accesibilidade e tamén o acceso ás Ínsuas de Gres.



Contorna do Campo do Río



Os alcaldes de Boqueixón, Touro e Vedra solicitaron apoio ao delegado territorial para estender a rede de fibra óptica

# Alcaldes de Boqueixón, Touro e Vedra solicitan a extensión da fibra óptica a todas as aldeas

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín; Touro, Ignacio Codesido Barreiro, e Vedra, Carlos Martínez Carrillo solicitaron ao delegado territorial da Xunta na provincia da Coruña, Gonzalo Trenor, a intercesión da Xunta ante as empresas de telecomunicacións para que “se leve a fibra óptica á maior brevidade posible a todos os núcleos poboacionais destes tres municipios”. Esta petición realizouse nunha reunión mantida no Consistorio de Boqueixón aproveitando unha visita de Trenor ao Concello, que tamén contou coa asistencia do deputado parlamentario Ovidio Rodeiro Tato.

Nesta visita, o delegado territorial da Xunta achegouse ao polígono de Sergude para comprobar

o resultado das obras de renovación das beirarrúas interiores. Esta actuación supuxo un investimento de preto de 90.000 euros, financiados nun 80% pola Vicepresidencia Segunda da Xunta e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e nun 20% pola administración local. Este proxecto súmase a outro paquete de actuacións promovidas dende a Xunta co fin de mellorar a competitividade dos polígonos industriais da comunidade autónoma.

Manuel Fernández Muñín agradeceu ao delegado territorial “o apoio que dende a Xunta de Galicia se realiza ao municipio. Unha das grandes apostas do noso goberno é dar a coñecer o potencial industrial de Boqueixón e actuacións como a des-

envolvida nas beirarrúas interiores deste polígono de Sergude, sumado á implantación da fibra óptica, contribúen a facer máis atractivo este parque empresarial para as compañías que busquen onde instalarse”.

### Dixitalización

Gonzalo Trenor tamén visitou a empresa PS Vet Dairyquality, instalada no polígono de Sergude e que participa no proxecto Galicia Exporta Dixital. Trátase dun programa posto en marcha polo IGAPE que ten como principal obxectivo apoiar a expansión internacional das Pemes da comunidade autónoma, a través da dotación de novas canles de comercialización partindo de ferramentas dixitais innovadoras.

# O Concello bonifica cun 10% de rebaixa a taxa pola recollida do lixo nos domicilios

O último pleno do 2020 deu luz verde, en sesión extraordinaria, a unha bonificación do dez por cento na taxa de recollida do lixo. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, explicou que “no caso dos domicilios, a taxa do lixo pasará dos 62,53 euros actuais aos 56,28 € que se cobrarán no 2021. Con esta rebaixa, pretendemos incentivar que a veciñanza aposte pola reciclaxe e pola redución de residuos orgánicos”, indica o rexedor.

Fernández Munín aclarou, ademais, que “se durante o vindeiro ano se ve reducida a cantidade de residuos orgánicos enviados a Sogama, seremos quen de manter esta rebaixa na taxa de recollida do lixo. Animo a toda a veciñanza a colaborar neste labor por respectar o noso medio ambiente e contribuír a conservalo”, engadiu o alcalde.

Co fin de reforzar e facilitar este labor de reciclaxe e redución de refugallos, o Concello de Boqueixón porá en marcha “unha campaña de concienciación, que conta cun investimento de preto de 60.000 euros”. A posta en marcha desta iniciativa é posible grazas ao apoio da Consellería de Medio Ambiente e desenvolverase en dous bloques de accións.

Por unha banda, “sacárase a licitación a principios de xaneiro a adquisición de preto de 1.000 composteiros que se repartirán entre

a veciñanza. O obxectivo é que todas as casas do municipio contén con cadanseu colector específico para fabricar compost. Deste xeito, buscamos fomentar a redución de refugallos nos colectores verdes”, concreta Fernández Munín.

Por outra banda, e como complemento a iniciativa anterior, promoveranse campañas informativas e formativas para concienciar á poboación sobre a importancia de reciclar e de reducir os residuos que se depositan nos colectores verdes. En verbas do rexedor boqueixonés, “ofreceremos formación específica a toda a poboación que solicite a entrega dun composteiro. Así, axudaremos á correcta elaboración de compost caseiro, poñendo de manifesto todas as súas vantaxes”. A maiores, entregaranse trípticos con completa información sobre como separar os refugallos nos distintos colectores e realizar a compostaxe caseira.

## Terceira campaña

Con esta serán xa tres as iniciativas de fomento da compostaxe caseira postas en marcha polo Concello de Boqueixón nos últimos anos. Na actualidade, son arredor de 80 vivendas unifamiliares do municipio as que contan con este tipo de colectores para elaborar compost caseiro. Neste 2021, preténdese estender a campaña a preto de 1.000 vivendas do municipio.

## COMPOSTAXE DOMÉSTICA E RECOLLIDA SELECTIVA



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## Os beneficios da compostaxe

A autocompostaxe constitúe unha práctica con importantes beneficios, tanto ambientais como económicos e sociais. Desde a perspectiva ambiental porque, dado que os restos orgánicos representan, na composición media dunha bolsa

de lixo tipo, ao redor do 42%, se se evita o seu depósito nos contedores verdes convencionais, propíciase unha redución da frecuencia de recollida e transporte por parte dos servizos municipais e, por tanto, das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

# Boqueixón, sinónimo

Tres empresas e un club deportivo con base en Boqueixón veñen de colleitar

diversos recoñecementos ao seu bo facer nos seus respectivos sectores. Co

seu labor, Bo Queixo, Enoturismo María Manuela, Restaurante O Balado e o

Club de Patinaxe Artística Ágora contribúen a que o nome do municipio supere



## Bo Queixo acadou a Medalla de Ouro nas Catas de Galicia 2020

O nome de Boqueixón foi protagonista na entrega de premios da XXIII Cata dos Queixos da Xunta de Galicia. Na categoría da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Arzúa-Ulloa, a empresa Bo Queixo foi a vencedora.

Unha vez máis, esta pequena queixería familiar localizada en Orto obtivo a Medalla de Ouro. En representación de Bo Queixo, Isabel García Couto recibiu o galardón de mans do conselleiro do Medio Rural, José González.

Visiblemente emocionada, Isabel García asegurou que este é “un recoñecemento ao traballo

diario e o cariño que lle poñemos na queixería” aos produtos, e que supón tamén “un orgullo personal”. Isabel García dedicou este premio a “José Castro Tejo, o meu marido e dono da queixería, e tamén á nosa familia, xa que somos unha pequena queixería familiar do rural”.

Bo Queixo foi unha das 29 industrias queixeiras participantes na XXIII Cata dos Queixos de Galicia, que presentaron 49 mostras a este certame anual. Dentro da súa categoría, participaron un total de 15 produtos da DOP Arzúa-Ulloa, resultando o seu vencedor.

## Enoturismo María Manuela, mellor iniciativa de turismo polo AGADER

Enoturismo María Manuela SL foi unha das empresas galardoadas na XI edición dos Premios AGADER ás iniciativas de Desenvolvemento Rural. Neste caso, a firma boqueixonense venceu na categoría de Turismo polo complexo enoturístico creado en Pousada.

O proxecto foi escollido polo seu carácter innovador e por contribuír “a promocionar tanto os produtos locais como actividades que dinamizan a zona”. O conselleiro do Medio Rural, José González, foi o encargado de entregar o premio á

xerente desta empresa, Adriana Millán, quen se amosou moi satisfeita polo recoñecemento.

Para a súa posta en marcha, Enoturismo María Manuela contou cunha axuda de Agader, a través da medida Leader, e que xestionou o GDR Terras de Compostela. Este complexo oferta ata 18 prazas de aloxamento singular, na modalidade de apartamentos en 6 cabanas de madeira integradas na paisaxe, coa finalidade de promover un turismo especializado nas zonas de produción vinícolas.



# de calidade e bo facer

fronteiras e chegue a todos os recunchos da comunidade autónoma e, incluso,

de España. Todo un orgullo de veciñanza, exemplo de constancia, paixón e en-

trega. Sirvan estas páxinas como breve homenaxe a aquelas persoas que traba-

llan día a día por alcanzar a excelencia, a calidade e as boas prácticas. Parabéns!



## Restaurante O Balado, estrela verde Michelin pola súa sustentabilidade

Boqueixón será tamén un lugar de referencia dentro do mundo da gastronomía grazas ao bo facer da súa hostalería. Este é o caso do Restaurante O Balado que foi un dos 21 establecementos que recibiron a Estrela Verde da Guía Michelin.

Este novo distintivo vén a a recoñecer a aposta do Restaurante O Balado, na parroquia de Codeso, pola sustentabilidade no seu proxecto gastronómico. Marta Fernández e Roberto Filgueira súmanse, deste xeito, aos outros dous restaurantes galegos que contan con esta Estrela Verde Michelin (Culler de Pau

e Pepe Vieira) poñendo, deste xeito, o nome do municipio no mapa nacional e, incluso, dentro da Península Ibérica.

Este non é o primeiro recoñecemento que recibe este restaurante boqueixonés, xa que no 2018 obtiveron o premio Bib Gourmand, que recoñece a súa excelente calidade-precio.

O Restaurante O Balado comezou a súa andaina no 2013. Despois de 20 anos no eido da hostalería, os seus promotores decidiron crear o seu propio proxecto gastronómico no rural, adaptando unha casa familiar na parroquia de Codeso.

## Estupendo palmarés no campionato español do Club de Patinaxe Ágora

O deporte base tamén é un dos puntos nos que o nome de Boqueixón se eleva ás máis altas esferas. Neste caso, a patinaxe artística trouxo moi gratas novas.

O Club Ágora-Boqueixón de Patinaxe Artística rexistrou un estupendo palmarés no Campionato de España desta disciplina. Dúas das súas integrantes quedaron entre as 15 primeiras do país na modalidade de Libre Xuvenil Feminino. Leire Fernández, que xa quedara como subcampiona de Galicia, acadou a sétima posición neste

campionato, mentres que a súa compañeira Amina Fernández, que foi campiona Galega Xuvenil, no decimoquinto posto.

Unha nova experiencia que, sen dúbida, lles servirá para seguir traballando co mesmo tesón e disciplina que as levaron a obter estes postos tan salientables dentro do campionato nacional de patinaxe artística.

Dende o Club Ágora-Boqueixón de Patinaxe Artística amosaron o seu orgullo polo estupendo palmarés acadado polas súas integrantes no Campionato de España.



# A Biblioteca Municipal estrea instalacións e aumenta publicacións

Na súa firme aposta pola cultura, o Concello de Boqueixón vén de renovar as instalacións das Biblioteca Municipal de O Forte. O centro de lectura atópase na planta baixa da Casa do Concello, ofrecendo un espazo máis amplo para as persoas e crianzas amantes dos libros, así como unha maior accesibilidade aos fondos bibliográficos. Estes distribúense nas zonas de infantil, xuvenil, novela galega, novela castelán, inglés, poesía, teatro e outras especialidades.

Ademais, e co fin de dar resposta ás persoas usuarias, a Biblioteca Municipal vén de adquirir 264 novas publicacións que se suman aos máis de 7.000 fondos bibliográficos que están á

disposición da poboación. Estas incorporacións, coas novidades literarias máis actuais e solicitadas, estarán dispoñibles para a veciñanza a partires deste propio mes de xaneiro.

Por outra banda, e para mellorar o seu servizo, a Biblioteca Municipal de Boqueixón vén de integrarse na Rede Galega de Bibliotecas de Galicia. Isto permite ás persoas usuarias, entre outros servizos, un acceso inmediato ao *Galiciale*, a plataforma de préstamos de obras en formato electrónico.

O servizo de biblioteca está aberto de luns a venres pola mañá de 09.00 a 13.00 e os luns e mércores, tamén pola tarde entre as 15.30 e as 18.00 horas.



Unha usuaria na sección de novela da renovada Biblioteca Municipal

Polo de agora, dada a situación sanitaria actual, a biblioteca está dispoñible para o préstamo de libros, que unha vez devoltos se poñen en corentena. Non obstante, dende o Concello de Boqueixón agardan, en

canto sexa posible, poñer á disposición da veciñanza este espazo como zona de estudo, ademais de programar diversas actividades de animación á lectura para as persoas usuarias deste centro municipal.

## Propostas de artes escénicas para adultos e crianzas

As propostas culturais tamén tiveron cabida durante a celebración deste Nadal. Así, o Concello de Boqueixón organizou dúas propostas dirixidas á veciñanza adulta e ás crianzas. Ambas as dúas baseáronse nas artes escénicas e tamén na música.

Así, a primeira das propostas desenvolvidas foi un novo pase da obra *Un verso, Un Cantar*. O espectáculo de Queiman e Pousa púxose en escena grazas ao apoio da Fundación Xosé Neira Vilas. Unha vintena de persoas

achegáronse á Casa da Cultura de Camporrapado para trasladárense á época da Galicia da Emigración a través de creadores tan recoñecidos da nosa literatura como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Neira Vilas.

Por outra banda, ofreceuse a comedia musical dirixida a público familiar *Contos do Recreo*. Unha peza representada pola compañía Redrum Teatro, que fixo as delicias das arredor de 50 persoas que asistiron á función.



O espectáculo 'Un verso, Un Cantar' regresou a Boqueixón



Un intre da comedia musical para público familiar 'Contos do Recreo'

# Nadal cheo de actividades de lecer

O Concello de Boqueixón ofreceu un Nadal cheo de actividades de lecer para as crianzas do municipio. Sempre cumprindo todas as medidas de seguridade e prevención contra a COVID-19, organizáronse diversas propostas para escolares de Educación Infantil e Primaria.

Así, organizouse unha nova edición do programa de conciliación familiar e laboral *Nadal Activo*. As actividades, que contan con 12 crianzas participantes divididas en dous grupos de 6, desenvolveranse ata o 7 de xaneiro.

Por outra banda, púxose en marcha un novidoso programa gratuíto: Venres de Lecer. Durante as tres sesións desenvolvidas, as arredor de 30 crianzas participantes crearon candeseus adornos navideños para a árbore. Un xeito moi divertido e creativo de gozar das tardes de venres durante as súas vacacións.

## Conexión con Papá Noel

Por outra banda, e por mor da pandemia sanitaria, mudouse o formato das visitas de Papá Noel. Así, e aproveitando as novas tecnoloxías, os nenos e nenas das Escolas Infantís de Boqueixón conectaron con Santa Claus a través de videochamada.



Crianzas participantes no programa de conciliación familiar e laboral 'Nadal Activo', desenvolvido polo Concello



Escolares da Unitaria de Lestedo na videochamada con Papá Noel, que aproveitaron para facerlle as súas peticións



Unha cativa amosando o seu adorno



Nenas e nenos tras crear vistosos adornos sobre bastidor de costura



A segunda sesión dos Venres de Lecer centrouse en bolas de neve



O primeiro Venres de Lecer adicouse a pequenos obxectos decorativos de Nadal

# Comezan os cursos de actividades de tempo libre en Boqueixón e Vedra

Un total de 41 persoas participan dende finais de decembro en dúas accións formativas postas en marcha de xeito conxunto polos Concellos de Boqueixón e Vedra. Trátase dos cursos de Monitor/a e de Director/a de Actividades de Tempo Libre.

Ambas as dúas propostas formativas impartiranse de xeito dual. Así, o 60% das clases realizaranse de tipo presencial, mentres que o 40 por cento restante serán en liña. Unha vez completados os cursos, os alumnos e as alumnas poderán obter a titulación correspondente, que estará homologada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia.

No caso do curso de Monitorado, as sesións presenciais desenvólvense no centro sociocomunitario de Sergude, mentres que

as de Dirección de Actividades de Tempo Libre se imparten no centro social de Vedra.

## Teoría e práctica

A primeira das propostas consta dun total de 200 horas teóricas –que finalizarán o vindeiro 10 de abril– e 150 de carácter práctico –que se completarán posteriormente–. A Escola de Tempo Libre Aloumiña encárgase da formación.

Pola súa banda, a Escola de Tempo Libre Don Bosco é a encargada de impartir o curso de Dirección de Actividades de Tempo Libre, que consta dun total de 150 horas teóricas, que se imparten no centro social de Vedra. Unha vez finalizada esta parte do curso, as persoas participantes deberán superar outras 150 horas de carácter práctico.



As clases teóricas do curso de monitorado desenvólvense en Sergude



Asistentes á primeira sesión de dirección de actividades de tempo de lecer

## AXENDA DO MES DE XANEIRO

Martes  
5

### Recepción dos Reis Magos de Oriente

**Casa Cultura Camporrapado**  
**De balde - Aforo limitado**  
Cómpre reservar cita a través do formulario da web ou no Facebook municipal.

Prazas limitadas.  
Haberá sorteo de agasallos ao finalizar a recepción.  
Colabora SBC Gasolinas.

Venres  
15

**loga**  
**Ximnasio Municipal**  
De 17.00 a 18.30 horas

**Cuota: 25 € / mes**  
Clases impartidas polo centro Ágora loga todos os venres.  
Grupos reducidos para cumprir cos protocolos contra a Covid.  
Colabora o Concello.  
Máis información e inscricións, no Departamento de Cultura.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com